

MESA SECTORIAL

13/06/2023

1º: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE MAIO.

Apróbase a acta da sesión referida, unha vez feitas as alegacións oportunas por parte das Organizacións Sindicais.

2º: PRAZAS SOMETIDAS A CONVENIO OU A PROGRAMAS ESPECÍFICOS.

Desde ANPE seguimos insistindo en que non se deben establecer, salvo casos moi excepcionais, convenios con entidades privadas.

No caso das prazas de Defensa deben ser asumidas directamente por Educación xa que saen a convenio todos os anos.

No caso de prazas para outras Consellerías da Administración demandamos que o custo do profesorado sexa asumido pola Consellería que recibe o profesorado e non pola Consellería de Educación.



Demandamos que se oferten prazas ao profesorado interino sempre e cando no se cubra a oferta por parte do profesorado funcionario (agradecemos que, tal e como demandamos en cursos anteriores, se incorporara ao profesorado funcionario en prácticas) e antes de que queden prazas vacantes sen cubrir. **A Administración non ofertará estas prazas ao profesorado interino.**

Demandamos unha composición máis técnica da comisión de selección.

No artigo 2 demandamos a ampliación do prazo a 10 días. **A Administración non acepta a ampliación de prazo.**

No artigo 3 demandamos que se estableza definitivamente un criterio unificado na

Administración sobre a tipoloxía de letra que se debe utilizar para a elaboración de proxectos.

No artigo 7 demandamos maior concreción.



En relación ao artigo 12 demandamos a eliminación da entrevista e, no caso de realizarse, debe ser realizada a todos os aspirantes. **A Administración non eliminará a entrevista. No caso de facerse farase a todos os aspirantes e se non está claro na redacción da orde aclararase.**

Consideramos que o proxecto non debe ser eliminatorio e pedimos maior puntuación para a formación impartida. **O proxecto será eliminatorio.** Informamos dun erro na denominación das prazas do Hospital de Lugo que desde hai anos se denomina Lucus Augusti.

3º: PROXECTO DE ORDE POLO QUE SE ESTABECE A FIGURA DA “PERSOA COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA” NOS CENTROS DOCENTES DE GALICIA.

Desde ANPE Galicia rexeitamos este documento. Levamos máis dun ano demandando que a Administración regule e estableza, tal e como recolle a LOPIDI, esta figura. No documento presentado non se teñen en conta a maior parte das cuestións recollidas na normativa estatal nin tampouco os protocolos establecidos pola Axencia Española da Protección de Datos.

MESA SECTORIAL

13/06/2023



Establecese no proxecto de borrador que a figura percibirá “como única recompensa” o cobro do complemento de función titorial. Este feito é para ANPE un insulto á intelixencia do profesorado xa que dito complemento é percibido na actualidade (e tal e como negociamos ANPE e o resto das organizacións sindicais no seu momento) pola práctica totalidade do profesorado. Polo tanto, o desempeño desta función non implicará ningunha gratificación máis aló de dúas horas de dedicación ás funcións do posto (resulta **totalmente insuficiente** a dedicación de dous períodos semanais das complementarias fixas a estas tarefas e menos aínda se o comparamos co establecido noutras comunidades autónomas, como é o caso de Estremadura, que establece un mínimo de 3 máis unha hora complementaria de coordinación).

En relación á formación, desde ANPE consideramos que imos tarde, mal e arrastro. Quen vai asumir a tarefa da formación do coordinador/a de benestar coa desbandada que se está a producir nas estruturas dos CFR?, cando se vai impartir cando no resto de comunidades xa están formados desde hai tempo?, Que formación se ofertará?. **A Administración resposta que haberá formación pero non concreta nada en particular indicando que son temas que teñen que terminar de perfilar.**

No artigo 3 deben recollerse todos os protocolos estandarizados e detallados.

En relación ao artigo 3.b que fai referencia á coordinación cos departamentos de orientación queremos que Administración **diga claramente que os orientadores non van impartir docencia directa.** **A Administración informa que haberá unha circular.**



Botamos en falta un artigo 5 no que se faga referencia á inclusión no plan de convivencia coa aprobación do claustro do centro.

En resumo, estamos perdendo en Galicia a oportunidade de desenvolver en profundidade esta figura, que supón unha labor fundamental para facilitar o benestar emocional e a saúde mental do alumnado.



4º: PROXECTO DE ORDE POLO QUE SE AMPLÍA A RELACIÓN DE MATERIAS OPTATIVAS DO BACHARELATO E SE ESTABLECE O SEU CURRÍCULO.

Desde ANPE Galicia cremos que debería ir máis lonxe e ofertarse un maior número de materias. Cada vez queda máis claro o carácter consultivo do Consello Escolar de Galicia onde, con maioría da parte social, aprobouse unha emenda que recollía

MESA SECTORIAL

13/06/2023

unha serie de materias que non aparecen recollidas na Orde que se nos presenta nin se fai mención ningunha a dita recomendación do aprobado en dito Consello.



5º: PROXECTO DE ORDE DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS, POLA QUE SE CONVOCA UN PROCEDIMENTO PARA A ELABORACIÓN DAS LISTAS DE INTERINIDADES E SUBSTITUCIÓNS PARA IMPARTIR DOCENCIA, COMO PROFESOR/A ESPECIALISTA, EN DETERMINADOS MÓDULOS PROFESIONAIS DO CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN FORMACIÓN PARA A MOBILIDADE SEGURA E SUSTENTABLE.

En primeiro lugar, indicar que para ANPE Galicia a figura do profesorado especialista debe ser algo moi excepcional dentro do sistema educativo e debe darse formación ao profesorado que existe actualmente para poder dar cobertura a estas necesidades sen ter que recorrer a esta figura.

Demandamos que ademais da titulación se estableza tamén como elemento que outorgue prioridade á hora de elaborar as listaxes o feito de estar en posesión da formación pedagóxica xa que o RD 174/2021 que establece o título de Técnico Superior en Formación para a mobilidade segura e sustentable establece, no seu artigo 12.4 que o profesorado especialista debe cumprir os requisitos

xerais esixidos para o ingreso na función pública docente.

Demandamos tamén a modificación do apartado 2.3 para que se estableza ter feitos os 18 anos xa que o artigo 12.6 do citado RD174/2021 establece que o profesorado especialista que imparta os módulos profesionais de Técnicas de condución e Didáctica da ensinanza práctica da condución deberán cumprir as condicións que marque a DXT e contar con todos os permisos de circulación recollidos no Real Decreto 818/2009 e ninguén con 16 anos vai a cumprir este requisito.

Demandamos a equiparación, de cara ao baremo, das figuras de director/a de escolas particulares de condutores e de formador/a de escolas particulares de condutores



6º: ROGOS E PREGUNTAS.

Esiximos a apertura de negociacións para a redución das rateos, da burocracia e do horario lectivo do profesorado. Son prioritarias para ANPE Galicia. Debe convocarse xa unha mesa sectorial para tratar eses temas.

Demandamos información sobre o procedemento que deben seguir os excluídos no concurso-oposición por ter superado o concurso de méritos para solicitar a devolución das taxas. **Deben solicitar a devolución á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.**

MESA SECTORIAL

13/06/2023

Solicitamos información sobre o envío do correo solicitando a documentación aos aspirantes que superaron o concurso de méritos de estabilización. Desde ANPE detectamos casos de profesorado do corpo de PES que non o recibiu.

A Administración indica que se enviou a todos. Tamén nos gustaría saber se a administración vai contactar coas persoas que non remitan a documentación no prazo que establece o mail enviado e que non corresponde co prazo legal establecido na convocatoria. **A Administración resposta que quen non envíe a documentación no prazo establecido no correo poderá facelo no prazo "oficial". A Administración o que busca e adiantar ao máximo o traballo.**

Demandamos información sobre as datas do CADP. **O CADP está a piques de publicarse. Con respecto ás Comisións de Servizo de Saúde estase a traballar desde as inspeccións médicas.**

Demandamos novamente a convocatoria do concurso de prazas de atención preferente. **A Administración insiste en que este ano non teñen capacidade para resolver. Estase a conceder prórroga ao profesorado que remata o prazo máximo dos 6 anos. As novas necesidades cubrirense a través do CADP.**

Demandamos información sobre a situación dos trienios e sexenios do persoal ao que se recoñecen como servizos prestados días de vacacións non gozadas. **A Administración resposta que está traballando no tema para actualizar todos os servizos a todos os efectos.**

Demandamos o establecemento de recoñecemento económico para todos os cargos de coordinación así como unha maior valoración da función da titoría efectiva de grupos de alumnado.

Denunciamos a transformación de ciclos de formación profesional na modalidade presencial á modalidade a distancia. Que vai a ocorrer coas persoas que se matricularon no primeiro curso na modalidade presencial e agora se lles pasa a distancia? Demandamos explicacións e información ao respecto.

Demandamos información sobre o uso dos 19 millóns de euros que vai recibir a Consellería de Educación. Haberá asesores para os Polos Creativos? Se non, quen vai asumir estas funcións? Que formación van ter?, que vai ocorrer cos coordinadores ADIF?. Os Polos Creativos son importantes para os centros pero fai falta orzamento e profesorado, sen sobrecargar máis ao profesorado existente. **A Administración resposta que o uso do orzamento estase definindo pero unha parte irá para materiais e outra tamén para formación, asesoramento e apoio.**

Demandamos que se actualice a páxina web da Consellería xa que hai moitos enlaces (sobre todo de ferramentas educativas) que non están funcionando.

Finalizar insistindo novamente na demanda dunha convocatoria urxente de Mesa Sectorial para tratar as condicións de traballo do profesorado (redución de rates e horarios lectivos do profesorado e redución da burocracia fundamentalmente). **A Administración resposta que este curso non convocarán mesa con estes temas.**

A Administración informa de que o curso que ven haberá 3 novos CIFP xurdidos da transformación do IES de Vilamarín, IES Montecelo e IES Audiovisuais de Vigo.